

Os Bolechas^{® TM}
PEPE CARREIRO



SULTÁN NON TEN MICROCHIP


Os Bolechas están na aldea, na casa dos seus curmáns Sarela, Ying e Kofi. Chispa, Lusco e Fusco están a mirar un can peludo que pasa polo camiño. Ha ser o can dun veciño.



Chispa, Lusco e Fusco saltan ao camiño e van atrás do can peludo. Queren facerse amigos del, seguro. Os Bolechas e os curmáns están a leriar e non se decatan de que os cans marchan da casa.



–Ei! Chispa, Lusco e Fusco foxen polo camiño con outro can! –berra Pili, que se decatou da fuga.
–Pois temos que ir buscalos, antes de que se perdan –di a curmá Sarela.



Os cans corren moito. Xa andan polas aldeas veciñas. E por un pelo non os atropelou un coche! Menos mal que freou o condutor! Os cans non deben de andar soltos.




Sarela, Carlos, Pili, Loli e Ying buscan os cans polos camiños. Braulio e Sonia quedaron na casa con Kofi e Tatá.
–Chiiiiispa! Luuuusco! Fuuuusco!
Nada, os cans perdéronse. Quen sabe onde foron!



A tía Camila vén ver que pasa. Camila é a nai de Sarela, Ying e Kofi.

- Perdemos os cans, mami.
- Estabamos a falar e non nos decatamos de que saltaron ao camiño, tía Camila.
- Marcharon cun can peludo.



Chispa, Lusco e Fusco están no refuxio de animais abandonados co veterinario. Levounos alí un veciño que os atopou soltos pola rúa. Tamén está con eles o can peludo. O veterinario do refuxio estalles a ler os microchips cun lector electrónico, para saber quen son os seus donos.



O veterinario xa sabe quen son os donos dos cans e chámalos por teléfono.
–Bo día. Son o veterinario do refuxio. Un veciño trouxo uns cans que andaban soltos pola rúa. Nos microchips de dous deles pon que os donos son Sarela, Ying e mais Kofi. E no microchip do husky siberiano pon que os donos son os Bolechas.



–Escoitade! Chamoume o veterinario do refuxio de animais abandonados e díxome que están alí Chispa, Lusco e Fusco. Levounos un veciño que os atopou soltos pola rúa –di a tía Camila.



Que alegría! Por fin aparecieron los cans!
Gracias al microchip!
Os Bolechas e os curmáns vanos buscar
no coche da tía Camila.




–Este can peludo que andaba con eles non ten microchip. Debe ser un can abandonado. Pois, se non aparecen os donos, ten que quedar no refuxio –di o veterinario.

–E non se pode adoptar, pobriño?

–pregúntalle a tía Camila.

–Se non aparecen os donos, si.

–Pois a nosa veciña Balbina quería ter un can. Igual o adopta ela –di Sarela.



–Balbina seguro que o quere adoptar e ademais vairo coidar moi ben. Encántanlle os cans. Ímoslle preguntar –di Sarela. E montan outra vez no coche para iren onda ela.

–Os cans que levan microchip non quedan abandonados, porque sempre se localizan os donos –di Loli.



Sarela cóntalle a Balbina que no refuxio hai un can peludo abandonado e pregúntalle se o quere adoptar.
–Un can peludo? Encantaríame adoptalo e coidalo e levalo de paseo e bañalo e peitealo... Chamaríalle Sultán, gha, gha. Que teño que facer? –berra Balbina.
–Pois, como aínda poden aparecer os donos, tes que esperar uns vinte días e, se non aparecen, xa o podes adoptar.



Despois de vinte días sen apareceren os donos, Balbina vai buscar a Sultán ao refuxio.

–Vouche poñer un microchip co nome da túa nova dona, Sultán. Así, se te perdes, xa sabemos que es da Balbina. E voulle dicir a túa dona que ten que levarte ao voso veterinario a quitar os parasitos e vacinarte para que esteas san –dille a Sultán o veterinario do refuxio.






Colar




Bolso



Correa



Lentes de sol




Arnés



Paraugas



Bolsa de excrementos



Comida para cans



Doce




Gaiola



Microchip



Cariño




Cama para cans



Revisións veterinarias



Auga



Paseos

Sinala as cousas que se lle poñen a un can para levalo de paseo.


Risca o que non che pareza bo para un can.



Donos: Sarela, Ying e Kofi



Donos: Os Bolechas



Donos: Sarela, Ying e Kofi



Dona: Balbina

Relaciona cada can co seu microchip.